| | | Parada | 23,3 | 23,4 | **32,2** |
| | | Pensionista | ,8 | ,8 | **3,3** |
| | | Tarefas fogar | 21,1 | 21,0 | **17,4** |
| | | Traballando | 47,4 | 51,6 | **44,6** |
| | | Total | 100,0 | 100,0 | **100,0** |

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa emprego da nai 2011-2012

## b) AS ACTUACIÓNS DAS UDIAFS –PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS

Baséase no estudio dos datos recollidos na base de datos informatizada das unidades, na que se rexistran:

- Consultas de acollida
- Sesións diagnosticas
- Sesións de apoio
- Consultas de orientación
- Entrevistas de coordinación
- Accións de coordinación
- Informes
- Grupo de familias
- Outras[4]
- Situación do expediente

## ANÁLISE DE CASOS

132 familias foron atendidas no Deza por 121 familias no Salnés no ano 2013.

**Consulta de acollida.** Na UDIAF O Deza o nº de casos novos atendidos ao longo do ano 2013 foi de 57, mentres que se mantivo o traballo asistencial con 75 nenos/as que xa foran atendidos ano 2011. O que supón respectivamente o 43 e o 57%. Na UDIAF O Salnés o nº de ingresos ao longo de 2012 foi de 55 (45%) e o nº de casos que continuaron a atención iniciada no ano 2010 foi de 66 (54%). Marcando unha certa estabilidade na relación entre nº de ingresos/nº de casos en cada unidade. A maioría dos casos precisaron dúas consultas de acollida, consulta que normalmente desenvólvese en dous tempos: un primeiro tempo de entrevista cos pais co obxecto de que poidan centrarse no relato dos temas que lles preocupan e que o profesional dispoña de tempo suficiente para rexistrar esa narración nos seus propios termos. Un segundo tempo, posterior, na que a familia presenta ao neno ou a nena para a que solicita valoración. E na que dun xeito regular, nos menores de 6 anos realízase observación libre e aplícase unha escala de cribado transversal co obxecto de

[4] Outras: Refírese á actuacións de corrección de probas, transcrición de sesións e consultas de acollida, elaboración de materiais, preparación das sesións, revisión de casos, elaboración de PIATS ou revisións para elaborar informes, cando precisan dun tempo suplementario ao ordinario.

–

situar o nivel evolutivo dos nenos/as nas áreas de comunicación, motricidade grosa, motricidade fina, resolución de problemas e persoal-social.

**Táboa 27.**

**Indicador: Nº de consultas de acollida**

| UDIAF | Ano | Frecuencia | Ano | Frecuencia | Ano | Frecuencia |
|---|---|---|---|---|---|---|
| DEZA | 2011 | 82 | 2012 | 89 | 2013 | 115 (57)* |
| SALNES | 2011 | 120 | 2012 | 78 | 2013 | 110 (55)* |

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa consultas acollida 2011-2013 *Entre paréntese nº de casos

**Sesións de diagnóstico**. O nº de casos nos que se realizaron sesións diagnósticas complementarias foi 49 (por 33 no 2012) na UDIAF o Deza e 61 (por 61 no 2012) na UDIAF O Salnés totalizando 152 e 182 sesións respectivamente. A media de sesións nos 49 casos do Deza aos que se aplicaron probas ou observacións complementarias foi de 3,1 (por 3,6 no 2012) e 3,00 (por 2,44 no 2012) nos 61 casos recollidos na estatística do Salnés. Unha distribución que mantén diferenzas significativas no perfil das diferentes unidades

**Gráfico 2**

**Perfil das sesións de diagnóstico**




UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa sesións diagnóstica 2013

**Táboa 28**

**Indicador: Medias Sesión diagnóstico**

| UDIAF | Sesións DX | Media 2011 | Nº 2011 | Desv. típ. 2011 | Media 2012 | N 2012 | Desv. típ. 2012 | N 2013 | Desv. típ. 2013 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| DEZA | Total | 3,37 | 35 | 2,269 | 2,44 | 33 | 2,397 | 49 | 3,1 |
| SALNES | Total | 1,61 | 64 | 1,255 | 3,37 | 61 | 1,988 | 61 | 3,0 |

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa medias sesións diagnóstica 2011-**2013**

**Sesións de apoio.** O nº total de sesións foi 1905 (1982 no 2012) no Deza e 2380 (por 2180 no 2012 no Salnés o que resulta nun n.º medio de sesións de apoio/caso de 17,38 (23,32 no 2012) no Deza e 29,02 (por 28,31 no 2012) no Salnés, tendo en conta que 22 casos (por 25 en 2012) no Deza e 39 (por 47 no 2012) no Salnés non recibiron sesións de apoio se non outro tipo de intervencións.

### Táboa 29

**Indicador: Nº de sesión de apoio***

| UDIAF | Sesións de apoio | 2010 | Nº/Caso 2010 | 2011** | Nº/Caso 2011 | 2012 | Nº/Caso 2012 | 2013 | Nº/Caso 2013 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| DEZA | Total | 1440 | 28,80 | 1973 | 26,66 | 1982 | 23,32 | 1905 | 17,38 |
| SALNES | Total | 1887 | 31,98 | 1879 | 28,47 | 2180 | 28,31 | 2380+ | 29,02 |

*Sesións/caso excluíndo os que non recibiron sesións de apoio ** Incremento plantilla ½ Logopeda +Contrato Salnés/2 meses

### Táboa 30

**Indicador: Nº de sesión de apoio/total casos**

| UDIAF | Sesións de apoio | 2010 | Nº/Caso 2010 | 2011** | Nº/Caso 2011 | 2012 | Nº/Caso 2012 | 2013 | Nº/Caso 2013 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| DEZA | Total | 1440 | 17,77 | 1973 | 17,61 | 1982 | 15,98 | 1905 | 14,44 |
| SALNES | Total | 1887 | 17,15 | 1879 | 14,12 | 2180 | 17,54 | 2380 | 19,66 |

O estatístico das sesións amosa una distribución non paramétrica, cunha notable diferenza entre media e mediana

### Táboa 31

**Estatísticos de frecuencia** -Sesión de apoio

| | | UDIAF DEZA | UDIAF SALNES |
|---|---|---|---|
| N | Válidos | 132 | 121 |
| | Perdidos | 0 | 0 |
| | Media | 14,48 | 19,67 |
| | Mediana | 5,00 | 8,00 |
| | Desv. típ. | 21,068 | 23,926 |
| | Varianza | 443,855 | 572,440 |
| | Asimetría | 1,992 | 1,331 |
| | Error típ. de asimetría | ,211 | ,220 |
| | Curtosis | 3,828 | 1,061 |
| | Error típ. de curtosis | ,419 | ,437 |
| | Mínimo | 0 | 0 |
| | Máximo | 101 | 91 |

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa medias sesións apoio 2013

Precisando o nº de sesións por ano no que se realizou a consulta de acollida e agrupando as sesións por tramos de nº de sesións temos unha perspectiva máis clara da distribución:

**Táboa 32**

**Táboa de continxencia tramos de sesións de apoio * ano consulta**

| UDIAF | | | ano consulta 2009 | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 | Total |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| DEZA | s. apoio | ,00 | 3 | 2 | 3 | 4 | 10 | 22 |
| | | >1-10< | 0 | 5 | 5 | 16 | 39 | 65 |
| | | >11-20< | 2 | 0 | 1 | 4 | 8 | 15 |
| | | >21-40< | 1 | 1 | 1 | 3 | 3 | 9 |
| | | >41-80< | 5 | 2 | 4 | 5 | 0 | 16 |
| | | >81-120< | 1 | 2 | 0 | 1 | 0 | 4 |
| | Total | | 12 | 12 | 14 | 33 | 60 | 131 |
| SALNES | s. apoio | ,00 | 0 | 1 | 2 | 6 | 30 | 39 |
| | | >1-10< | 0 | 3 | 2 | 4 | 17 | 26 |
| | | >11-20< | 2 | 1 | 4 | 2 | 4 | 13 |
| | | >21-40< | 0 | 3 | 6 | 4 | 4 | 17 |
| | | >41-80< | 0 | 3 | 9 | 7 | 1 | 20 |
| | | >81-120< | 0 | 0 | 0 | 6 | 0 | 6 |
| | Total | | 2 | 11 | 23 | 29 | 56 | 121 |

No que se observa o peso comparativo dos tramos máis altos de sesións nos nenos que levan máis tempo na unidade e que corresponden a problemáticas máis graves

**Sesións de orientación.** O Deza realizou 27 (17 en 2012) sesións de orientación por 105 no caso do Salnés (por 128 no 2012). O que marca unha tendencia diferencial na actividade de ambas as dúas unidades

**Táboa 33**

**Indicador: sesións de orientación**

| UDIAF | | Reconto | Porcentaxe |
|---|---|---|---|
| DEZA | 0 | 116 | 87,9 |
| | 1 | 12 | 9,1 |
| | 2 | 3 | 2,3 |
| | 3 | 1 | ,8 |
| | Total | 132 | 100,0 |
| SALNES | 0 | 73 | 60,3 |
| | 1 | 27 | 22,3 |
| | 2 | 5 | 4,1 |
| | 3 | 7 | 5,8 |
| | 4 | 3 | 2,5 |
| | 5 | 3 | 2,5 |
| | 6 | 2 | 1,7 |
| | 8 | 1 | ,8 |
| | Total | 121 | 100,0 |

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa sesións orientación 2013

**Coordinación de casos.** O equipo do Deza completou 313 actuacións de coordinación (233 en 2012 e 226 en 2011) correspondentes a 150 entrevistas e 163 accións) por 187 no caso do Salnés (187 en 2012 e 166 no 2011) correspondentes a 70 entrevistas e 117 accións

No 38 % dos casos do Deza e no 27 % do Salnés os equipos realizaron algunha acción de coordinación de casos con outras entidades, un 2,35 de media no Deza e 1,44 no Salnés. Tamén no que se refire as actuacións de coordinación hai diferenzas que parecen estabilizarse.

**Táboa 34**

**Indicador: Medias de sesións de coordinación**

| | | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 |
|---|---|---|---|---|---|
| DEZA | Media | 2,01 | 2,01 | 2,16 | 2,35 |
| SALNES | Media | 1,27 | 1,24 | 1,38 | 1,44 |

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa sesións coordinación 2010-2013/casos atendidos

**Altas.** 63 casos dos 132 do Deza (47,7%) e 45 dos 121 do Salnés (37%) foron alta nas unidades, segundo a seguinte distribución

**Táboa 35**

**Indicador: Motivos de alta**

| UDIAF | | Frecuencia 2011 | Porcentaxe 2011 | Frecuencia 2012 | Porcentaxe 2012 | Frecuencia 2013 | Porcentaxe 2013 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| DEZA | Outros | | | 1 | 0,9 | 15 | 11,3 |
| | Alta voluntaria | 5 | 4,5 | 3 | 2,7 | 4 | 3,03 |
| | Derivación | 2 | 1,8 | | 0 | 0 | 0 |
| | Falta de asistencia | 7 | 6,3 | 2 | 1,8 | 3 | 2,2 |
| | Idade | 1 | ,9 | 3 | 2,7 | 0 | 0 |
| | Obxectivos logrados | 18 | 16,1 | 14 | 12,7 | 41 | 31,0 |
| | Total | 31 | 29,5 | 23 | 20,9 | 63 | 47,7 |
| SALNES | | | | | | | |
| | Outros | | | | | 11 | 9,0 |
| | Alta voluntaria | 4 | 3,0 | 2 | 1,6 | 4 | 3,3 |
| | Derivación | 7 | 5,3 | 4 | 3,2 | 2 | 1,6 |
| | Falta de asistencia | 3 | 2,3 | 5 | 4,0 | 1 | 0,8 |
| | Idade | 15 | 11,3 | 22 | 17,7 | 9 | 7,4 |
| | Obxectivos logrados | 18 | 13,5 | 33 | 26,6 | 18 | 14,8 |
| | Total | 59 | 36,8 | 68 | 54,8 | 45 | 37,19 |

UDIAF = DEZA & SALNES Comparativa motivos alta 2011-2013 sobre total de casos atendidos

## Correlacións entre tipos de actuacións

O estudio das correlacións entre as diversas prestacións móstrase na Táboa 37

| | Consulta de acollida | Sesión diagnóstico | Sesión de orientación | Ent de coordinación | A de coordinación | Sesión de apoio |
|---|---|---|---|---|---|---|

Na Unidade do Deza, a consulta de acollida ten unha correlación e.s. e moderadamente positiva coas sesións de diagnóstico e e.s. e levemente negativa coas sesións de coordinación

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Consulta de acollida | 1,000 | ,376(**) | -,177(*) | -,202(*) | -,167 | -,263(**) |

Na Unidade do Salnés a consulta de acollida ten unha correlación e.s. e fortemente positiva coas sesións de diagnóstico e e.s. e moderadamente negativa coas sesións de coordinación

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Consulta de acollida | 1,000 | ,707(**) | ,120 | -,172 | -,055 | -,583(**) |

Na Unidade do Deza existe unha  correlación e.s. significativa e positiva entre sesións de apoio e entrevistas/accións de coordinación, levemente negativa para as consultas de acollida.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Sesión de apoio | -,263(**) | ,073 | -,118 | ,620(**) | ,557(**) | 1,000 |

Na Unidade do Salnés a correlación sesións de apoio/coordinación tamén é e.s. e positiva pero  máis débil, e máis intensamente negativa coa consulta de acollida, diagnósticos e orientación.

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Sesión de apoio | -,583(**) | -,221(*) | -,462(**) | ,269(**) | ,317(**) | 1,000 |

## Correlacións entre tipos de actuacións

**Táboa 36**

Coeficiente de correlación

| UDIAF | | | Consulta de acollida | Sesión diagnóstico | Sesión de orientación | Ent de coordinación | A de coordinación | Sesión de apoio |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| DEZA | Rho de Spearman | Consulta de acollida | 1,000 | ,376(**) | -,177(*) | -,202(*) | -,167 | -,263(**) |
| | | Sesión diagnóstico | ,376(**) | 1,000 | -,124 | ,146 | ,114 | ,073 |
| | | Sesión de orientación | -,177(*) | -,124 | 1,000 | -,045 | ,021 | -,118 |
| | | Ent de coordinación | -,202(*) | ,146 | -,045 | 1,000 | ,747(**) | ,620(**) |
| | | A de coordinación | -,167 | ,114 | ,021 | ,747(**) | 1,000 | ,557(**) |
| | | Sesión de apoio | -,263(**) | ,073 | -,118 | ,620(**) | ,557(**) | 1,000 |
| SALNES | Rho de Spearman | Consulta de acollida | 1,000 | ,707(**) | ,120 | -,172 | -,055 | -,583(**) |
| | | Sesión diagnóstico | ,707(**) | 1,000 | ,023 | ,028 | ,146 | -,221(*) |
| | | Sesión de orientación | ,120 | ,023 | 1,000 | -,088 | ,045 | -,462(**) |
| | | Ent de coordinación | -,172 | ,028 | -,088 | 1,000 | ,244(**) | ,269(**) |
| | | A de coordinación | -,055 | ,146 | ,045 | ,244(**) | 1,000 | ,317(**) |
| | | Sesión de apoio | -,583(**) | -,221(*) | -,462(**) | ,269(**) | ,317(**) | 1,000 |

** La correlación es significativa al nivel 0,01 (bilateral).
* La correlación es significativa al nivel 0,05 (bilateral).

## c) AS ACTUACIÓNS DAS UDIAFS –P. COMUNITARIAS E DE CALIDADE.

Refírese ao rexistro das sesións de traballo co coordinador da AGAT, ás sesións de traballo interno do equipo interdisciplinario, actuacións de coordinación externa no traballo de casos, de formación continua, sensibilización ou investigación

- **Unidade do Deza**.

Prestacións comunitarias e calidade: 34,1/mes

**Táboa 37**

| UDIAF DEZA | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 |
|---|---|---|---|---|
| **Nº de sesións de coordinación AGAT** | 1 | 1 | 1 | 1 |
| **Nº de sesións de equipo interdisciplinario** | 7,8 | 7,8 | 8 | 7,6 |
| **Nº de actuacións coordinación comunitaria** | 2,9 | 12,53 | 17 | 26,0 |
| **Nº de actuacións de supervisión/formación** | 0,9 | 0,3 | 0,3 | 0,3 |
| **Nº de actuacións de sensibilización** | 0,7 | 0,7 | 0,2 | 0,2 |
| **Total** | 13,3 | 22,33 | 26,5 | 34,1 |

- **Unidade do Salnés**

Prestacións comunitarias e calidade: 25/mes

**Táboa 38**

| UDIAF SALNES | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 |
|---|---|---|---|---|
| **Nº de sesións de coordinación/supervisión** | 1 | 1 | 1 | 1 |
| **Nº de sesións de equipo interdisciplinario** | 7,7 | 7,7 | 7 | 8 |
| **Nº de actuacións coordinación comunitaria** | 5,9 | 5,9 | 14 | 15,5 |
| **Nº de actuacións de supervisión/formación** | 0,9 | 0,3 | 0,3 | 0,3 |
| **Nº de actuacións de sensibilización** | 1,0 | 1,0 | 0,2 | 0,2 |
| **Total** | 16,5 | 15,90 | 22,5 | 25 |

*** Detalle das actividades de formación continua**

Xaneiro – Decembro
Módulo de coordinación e formación continua. Actividades comúns de coordinación e seminario online de discusión de casos. Supervisión e orientación das actividades de implantación das unidades e dos casos atendidos por parte do coordinador das UDIAF. Realízase vía telefónica, correo electrónico ou videograbacións previo consentimento informado das familias. Durante 2013 continuo o procedemento de formación para a implantación da aplicación informática nas dúas unidades.

Febreiro
Módulo de xestión de procesos. Seminario de avaliación. Realizado o 6 de febreiro de 2013, na UDIAF do Deza en Lalín, coa participación dos equipos técnicos do Deza e do Salnés e cunha duración de 8 horas. Obxecto: avaliación da actividade asistencial 2012, das enquisas de familias e análise estatístico da casuística; preparación do plan de actividades 2013. Dirixido polo Dr. J. Ponte, coordinador das UDIAF

Marzo
Módulo de formación continua. Seminario de formación presencial. Realizado o 21 de Marzo de 2012, cunha duración de 8 horas, na UDIAF Deza, coa participación do equipo técnico do Deza. Obxectivos: análise e supervisión de casos complexos. Sistematización da consulta de acollida. Dirixido polo Dr. J. Ponte, Coordinador das UDIAF

Abril
Módulo de formación continua. Seminario presencial na UDIAF do Salnés, co seu equipo técnico co obxecto de mellorar a sistematización da consulta de acollida. Realizado o 18 de abril de 2013 cunha duración de 4 horas nos locais da UDIAF SALNES. Dirixido polo Dr. J. Ponte- coordinador das UDIAF

Módulo de formación continua .Formación continua externa co obxecto de mellorar as técnicas de xogo. Para as coordinadoras das UDIAFS. Asistencia ao curso "Nuevos enfoques terapéuticos para tratar los psico-traumas infantiles consecuencia de la negligencia afectiva y los malos tratos: Creatividad, buenos tratos y resiliencia". Realizado o 26-27 Abril de 2013, cunha duración de 12 horas, COP. Oviedo. Impartido por Dr. J. Barudy

Xuño
Módulo de formación continua. Seminario de casos. Celebrado o día 21 de xuño na UDIAF Salnés coa participación dos equipos técnicos das UDIAFS do Deza e do Salnés. Obxectivo: sistematizar a observación dos nenos. Duración 8 horas. Lugar: Vilagarcía. Dirixido polo Dr. J. Ponte, coordinador das UDIAF

Outubro
Módulo de formación continua . Reunión de supervisión de casos co equipo da UDIAF Deza. Realizada o 22 de outubro de 2010 na UDIAF Deza en Lalín. 4 horas de duración. Dirixido polo Dr. J. Ponte, Coordinador das UDIAF

Novembro
Módulo de formación continua . Asistencia ao curso de formación sobre "O neno e o contexto" organizado polo equipo de apoio educativo do Consorcio de Servizos Sociais da Xunta de Galicia. Coordinador da AGAT e coordinadores das UDIAF. Sábado 23 de novembro de 2013. 6 horas de duración

Decembro
Módulo de xestión de procesos Reunións preparatorias da avaliación anual e do plan de actividades 2014. Día 3 de Decembro: Xestión fiscal e laboral. Santiago de Compostela. Coordinador UDIAFS-Asesoría fiscal. 4 horas. Día 9 de Decembro: Memorias 2013. Santiago de Compostela. Coordinador UDIAFS-Coordinadores UDIAF Deza e UDIAF Salnés . 4 horas

*** Listaxes de espera**

Dende o punto de vista cualitativo, en canto ao análise da calidade asistencial e a presión asistencial que soportan as dúas unidades, durante o ano 2012 as listas de espera mantivéronse no Deza no entorno das 30 familias durante case todo o ano por mor de contabilizar como lista de espera familias que fixeron demandas puntuais durante os anos 2011 e 2012. Unha vez revisada a lista de espera na actualidade hai 20 nenos en lista de espera na unidade do Deza e 11 na do Salnés.

**Táboa 39**

**Indicador: Lista de espera**

| UDIAF | Categoría | Inicial | Final | Desviación. |
|---|---|---|---|---|
| DEZA | Total | 36 | 20 | -16 |
| SALNES | Total | 2 | 11 | +9 |

UDIAF = DEZA & SALNES

## d) AVALIACIÓN DE ESTRUTURAS E SOPORTES

### Infraestrutura das unidades

O local do Salnés presenta problemas funcionais derivados do feito de compartir o uso da sala de psicomotricidade e a de logopedia no Centro Sociocomunitario de Vilagarcía o que obriga a perder tempo frecuentemente no montaxe/desmontaxe da sala. As instalacións necesitan unha renovación inmediata, dende decembro existen goteiras na sala de consulta.

O local Deza está ben acondicionado e sen problemas de accesibilidade nin de tipo ambiental.

### Soportes e procedementos

Como resultado das avaliacións previas durante 2012 e 2013 realizouse un proceso de renovación dos sistemas de soporte dos procesos, incluíndo a configuración dunha nova base de datos que permita diminuír e facilitar o tempo de consulta de información creando interfaces máis axeitadas ás necesidades dos profesionais e conforme a experiencia do traballo realizado na xestión de caso.

Durante 2013 continuou o proceso de implantación da aplicación informática (Aplicación SIAT) para a xestión de caso**,** fixéronse modificacións referidas ao calendario e os rexistros de caso para permitir unha maior personalización das citas dos profesionais. O funcionamento do aplicativo non tivo incidencias de mención, destacando a solidez de sistema.

Como aspectos a mellorar plantéxase a modificación da data de entrada pola data de 1ª consulta nas columnas de datos visibles da listaxe de expedientes, a posibilidade de elección do coidador principal que aparece na columna de datos

Outras leves modificacións son as referidas á identificación e contidos da tipoloxía de actuacións das UDIAF. A súa definición para 2014 queda reflectida no Glosario (a continuación)

# 8. GLOSARIO DOS CÓDIGOS

## PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS

**ca : Consulta de acollida**. Para recibir as demandas personalizadas nas UDIAF. Cada consulta consiste como mínimo de dúas sesións, unha de acollida da familia e das súas demandas e outra de observación do neno. Trátase dunha intervención chave e de longa duración tendo en conta o tempo necesario para a escoita a observación, o análise e a transcrición . Cada sesión ten un tempo medio de 1 1/12 h.

**dx : Sesión de diagnóstico.** Para estudar, avaliar e orientar as prestacións personalizadas das UDIAF. Engadir o nº de veces que o caso foi tratado polo equipo

**ap : Sesión de apoio.** Para realizar apoios complexos dentro das prestacións personalizados propios das UDIAF. Rexistrar tódalas actuacións realizadas co neno e coa familia en sesións de 1 hora incluíndo á devolución ás familias e os tempos de transcrición para o rexistro de evolución e procesos

**or : Sesión de orientación ou seguimento.** Para realizar apoios sinxelos, de asesoramento, orientación ou seguimentos dentro das prestacións personalizadas propias das UDIAF, mediante actuacións previas ou posteriores á intervención na propia UDIAF

**ec: Entrevista de coordinación.** Para realizar entrevistas presenciais de coordinación con outros recursos dentro das prestacións personalizados das UDIAF. Incluíndo tamén aquelas entrevistas telefónicas que poidan superar os 30 minutos de duración.

**ac**: **Acción de coordinación**: Para realizar actividades non presenciais de coordinación con outros recursos dentro das prestacións personalizadas das UDIAF e en todo caso dunha duración inferior aos trinta minutos

**gf: Grupo de familias**: Para conducir as actividades dos grupos de familias dentro das prestacións personalizadas das UDIAF

**inf: Informes** : Toda actuación que implica a emisión de información escrita sobre o curso da intervención na que se especifican aspectos de valoración ou intervención, por exemplo informes de devolución, informes para as familias, PIATS, etc.

**ou: Outras:** Refírese á actuacións de corrección de probas, transcrición de sesións e consultas de acollida, elaboración de materiais, preparación das sesións, revisión de casos, elaboración de PIATS ou revisións para elaborar informes, cando precisan dun tempo suplementario ao ordinario.

## PRESTACIÓNS COMUNITARIAS E DE CALIDADE

**entidade**: Breve descrición da entidade de contacto

**categoría** (á que pertence a entidade): segundo tipoloxía prestablecida

**código postal:** do concello de referencia onde se localiza a entidade. No caso de AGAT, ou entidades externas á comarca do Deza, este apartado cóbrese con "0"

**coordinación AGAT:** sesións de avaliación, formación, revisión casos, accións de coordinación telefónica, …

**sesión de equipo:** nº de sesións mensuais de reunión de equipo

**nº de casos tratados equipo: =**

**actividades de formación continua**: = asistencia dos profesionais a actividades de formación organizadas polas unidades ou conveniadas, permisos de formación, avaliacións, xestión de procesos …

**ent. coordinación: =**

**acción coordinación: =**

**proxección social e comunitaria**: actividades globais de sensibilización social

## CÓDIGOS DE REXISTRO DE SESIÓNS DE APOIO

Para as carpetas de expedientes

- N: Sesión de apoio individual con el niño
- F: Sesión de apoio con la familia
- X: Falta xustificada
- SX: Falta sen xustificar
- A: Anulación de sesión

# 9. A SATISFACCIÓN DAS FAMILIAS[5]

**Táboa 40**
**Satisfacción das familias coa UDIAF do Deza**

**Infraestruturas e accesibilidade**

| | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 |
|---|---|---|---|---|
| 1. Estado das instalacións | 4,52 | 4,3 | 4,44 | 4,43 |
| 2. Accesibilidade e horarios | 4,52 | 4,1 | 4,47 | 4,49 |

**Acollida e satisfacción**

| | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 |
|---|---|---|---|---|
| 3. Acollida recibida | 4,8 | 4,7 | 4,89 | 4,94 |
| 4. Posibilidade de falar das nosas preocupacións e ser escoitados | 4,8 | 4,7 | 4,92 | 4,94 |
| 5. Accesibilidade e dispoñibilidade dos profesionais | 4,6 | 4,5 | 4,70 | 4,76 |
| 6. Satisfacción coa información, atención e orientacións que recibimos | 4,7 | 4,5 | 4,78 | 4,74 |
| 7. Coordinación e colaboración da UDIAF con outros recursos servizos | 4,6 | 4,4 | 4,47 | 4,72 |
| 8. Confianza nos profesionais da UDIAF | 4,8 | 4.7 | 4,92 | 4,86 |
| 9. Grao de satisfacción global | 4,6 | 4,4 | 4,75 | 4,80 |

UDIAF O Deza- Comparativa 2010-2013 – 2013-52 familias

**Gráfico 3**




**Satisfacción das familias coa UDIAF do Deza**

[5] Puntuación 1-5

## O mellor

As súas profesionais
A cercania co que tratan os profesionais
El trato recibido de todos sus integrantes
A capacidade de escoitar e orientar
Sus profesionales
Todo.Pero sobre todo o trato tan profesional e humano ante situacións complexas e difíciles de asumir.
Las profesionales. Las personas que trabajan aquí
Atencion rapida.
Imprescindible.
Los profesionales que trabajan en ella.
A atención recibida
El personal es muy empático
O trato personalizado
O bo trato coa xente
Gustou todo!!!!
O trato que teñen cos nenos
O personal
Su profesionalidad y cercania
A atención recibida
Que estan siempre a nosa disposición
Os profesionais que aí traballan
Que sexa un servicio gratuito.
A atención recibida
Atención cos nenos e pais
A amabilidade
A atención recibida
Que me han resuelto muchas dudas que tenia con mi pequeño respecto a la enseñanza y educacion.
A atención y profesionalidad das persoas.
Que nos ayudó a entender a nuestro hijo.
A atención, comprensión e axuda.
O personal
A axuda que dan os nenos e os pais.
No meu caso, que me escoitou é axudou co meu problema
El personal.
Personal. As profesionais
A profesionalidade do seu persoal.
O apoio que nos dan.
A comprensión que teñen os profesionais cos nenos
El personal excelente
Os profesionais.
As profesionais que aquí traballan.
O agradables que son.

## O peor

Horarios, mellor atención mediodía
Que solo é ata os 6 anos.
La  distancia
Quizás las instalaciones.
El limite de edad de los niños que pueden atender.
Estan saturadas.Poco tiempo.
No tener mas recursos para atender a los ninhos hasta edades mayores.
Por agora, nada
Falta de personal
Nada
Non ter mais tempo para tratar os nenos
Nada que decir

Non hai nada "peor"
poucas posibilidades de horario, xa que polas tardes e imposible.
Tan pouco tempo
A ubicación
O limite de edad dos nenos.
Falta de Fisioterapeuta
Non dar alcanzado a acoller mais nenos.
A sua situación. Que está lonxe de Lalin.
Instalaciones.
Está ben, estou moi satisfeito.
Non existe peor, todo e bó.
Las instalaciones
Nada

## Suxestións, queixas ou opinións

Manter o funcionamento co personal técnico contratado dentro/ou no Concello de Lalin.
Sería de agradecer que dispusieran de más profesionales para poder atender una mayor franja de edad.
Foi unha experiencia magnífica. Viñemos con un problema e marchamos con solucións, consellos e pautas a seguir, para conseguir unha boa convivencia e sobre todo a felicidade dos nosos nenos que en difinitiva é a nosa tamén.
Gracias
MUCHAS GRACIAS.Nosotros desde el primer día nos sentimos apoyados y tranquilizados por la logopeda y luego terminamos el tratamiento con la doctora......., igual de contentos y sobre TODO comprendidos, con estos temas que parece que "TODO EL MUNDO SABE".
Es necesario que se amplie el servicio a niños mayores de 6 años. Con la calidad de la atención que se recibe en esta unidad, pagaria para tener acceso al servicio. Deberia estudiarse la posibilidad de co-pago si esto permiteiera la contratación de más personal.MUCHAS GRACIAS.
TODO MUY BIEN
ANIMO, MOI BOA LABOR.
Facia falta mais personal pa tantos nenos.
Que contraten mais personal
Una pena que al poligono no haiga accesibidad, tipo transporte.
A UDIAF é un servizo que non debería desaparecer nunca, é algo índispensable para a xente que temos problemas cos nosos fillos. Ensínannos a tratalos, correxilos e en definitiva a mellorar a nosa e a súa vída. Debería ter aínda mais recursos.
Mais persoal, outras actividades, coma musicoterapia, fisioterapia ou unha aula de estimulación sensorial.
A UDIAF debería ser ata os 18 anos de idade para adolescentes.
Que tuveran mais tempo para estar cos nenos
Cuando me dieron el alta Sali contenta y muy orgullosa de las soluciones que me habian dado.
Deberia aumentarse la edad a la adolescencia de los niños
Nuestra opinión es que estamos encantados porrque gracias a , solucionamos nuestro problema muy facilmente, nos dio unas pautas faciles, y nos ayudo mucho con comparaciones y ejemplos y asi conseguimos entender. Todos los padres en algún momento deberiamos estar ayudados.Muchas gracias por ayudarnos.
Seguir así, que mellor non hai para onde.Mil gracias.
Que poidan os profesionais seguir nesta linea, que eu penso que e a correcta, axudar aos nenos en cousas que son fundamentais para o seu desarrollo e desenvolvemento.(MOITAS GRACIAS A TODOS).
Infinitas gracias pola insuperable labor das profesionais da UDIAF-DEZA.Solicitamos a continuidade da Udiaf, xa que supón un apoio importantísimo para o desenvolvemento de nenos que padecen diferentes trastornos que é preciso tratar.Moitas veces estos problemas precisan dun tratamento máis prolongado no tempo ou xurden a maior idade da que acepta a Udiaf, polo cal tamén sería necesario ampliar a idade dos nenos que poidan optar a este servizo así como dotar a unidade de mais persoal, para garantir a atención de tódala familias que o precisan.
Eu sólo digo que a UDIAF é a mellor e xa non poden mellorar máis, están mellorados ao 100%100.

**Táboa 41**
**Satisfacción das familias coa UDIAF do Salnés**

**Infraestruturas e accesibilidade**

| | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 |
|---|---|---|---|---|
| 1. Estado das instalacións | 3,6 | 3,5 | 3,69 | 3,45 |
| 2. Accesibilidade e horarios | 4,1 | 3,9 | 4,40 | 4,25 |

**Acollida e satisfacción**

| | 2010 | 2011 | 2012 | 2013 |
|---|---|---|---|---|
| 3. Acollida recibida | 4,7 | 4,8 | 4,86 | 4,93 |
| 4. Posibilidade de falar das nosas preocupacións e ser escoitados | 4,8 | 4,6 | 4,83 | 4,88 |
| 5. Accesibilidade e dispoñibilidade dos profesionais | 4,6 | 4,5 | 4,78 | 4,83 |
| 6. Satisfacción coa información, atención e orientacións que recibimos | 4,6 | 4,5 | 4,69 | 4,70 |
| 7. Coordinación e colaboración da UDIAF con outros recursos e servizos | 4,3 | 4,4 | 4,43 | 4,58 |
| 8. Confianza nos profesionais da UDIAF | 4,8 | 4,6 | 4,79 | 4,85 |
| 9. Grao de satisfacción global | 4,6 | 4,4 | 4,74 | 4,68 |

UDIAF O Salnés Comparativa 2010-2013 2013 42 familias

**Gráfico 4**




**Satisfacción das familias coa UDIAF do Salnés**

**O mellor**
Os profesionais
O seu trato persoal e a sua paciencia.
Poder estar os pais presentes nas sesións.
A profesionalidade, atención e amabilidade
Como corrigen a las familias y nos orientan.
Logopeda y personal.
As chicas que son atentas.
La buena relación y trato con los niños
Los asistentes. Muy agradables, están pendientes de todo.
Os profesionais
Os profesionais
El personal que trabaja aquí.
Todo bien
Atención o neno/a.
A xente que traballa, sempre teñen unha boa cara e un trato buenisimo, da gusto falar con eles, entras pola porta e xa tes unha sonrisa.
As profesoras, atención os nenos.
A atención que recibes dos profesionais.
Os profesionais, a atención, o trato o neno.
A atención recibida, resultame moi familiar e acolledora.
Las profesionales.
Trato con los niños y padres.
A atención dos profesionais.
Os profesionais
Psicóloga que atende o meu fillo.
A xente.
Son amables y atentos.
Profesionalidad y atención de la profesora.
O trato que me dan a min e o meu fillo.
O personal e moi atento e agradable.
O trato que teñen cos pacientes.
La ayuda que dan los profesionales.
El contento y animado que va a las clases.
Os profesionales que nos atendes, neste caso concreto con estou encantada, e unha gran profesional e de moita axuda para o meu fillo e para min como nai.
A Profesionalidad con que nos tratan

**O peor**
A distancia entre cita e cita.
nada
Que as sesións só duren ata os 6 anos cando o meu fillo precisaría mais axuda.
A falta de publicidade para que o interesado sepa que existe.
La falta de sesiones, es insuficiente.
Horario
Yo no tengo ninguna queja.
No tengo nada malo en mi opinion.
As instalacións ainda que están ben son mellorables.
As instalacións.
Las instalaciones.
Quizás mellorar as instalacións, renovar os xoguetes, puzzles, etc. Para que os nenos non se aburran sempre cos mesmos, algúns están moi vellos, non teñen pilas, rotos, etc….
Non vexo nada malo.
Nada
A falta de limpieza do centro.
As instalacións
As instalacions
A carencias de mais medios para traballar.

Pois creo que nada pola miña parte.
Nada, todos son boas persoas.
Non teño ningunha queixa.
Que solo es un dia.
As instalacións non son as adecudas para os nenos e para que os profesionales poidan traballar mellor.
O exterior das instalacións.

**<u>Suxestións, queixas ou opinións</u>**

O ideal sería poder vir mais veces por mes xunto co profesional, en resumen ter mais citas posibles.
Mais publicidade, con folletos ou outros medios para que chegue os interesados.
Mas horas de sesiones.
Que se sigua prestando este servicio.
De momento non teño queixa ningunha.
Son maravillosas y con mi hija se portan genial, la mejoría de la niña es buenisima.
Que para los niños tienen que tener una zona apropiada para ellos.
Eu atopome contenta en xeral, sobre todo con que me atenden moi ben e o neno sempre vai contento a Udiaf e o mais importante mellorou moito a sua linguaxe.
Melloraria o que puxen no apartado 11.
Solo agradecimientos.
Encantados con la mejoría que nuestro hijo está teniendo.
Deberiase dotar os profesionais de mellores instalacións e mais medios.
Ningunha.
Estamos muy contentos con el centro y la profesora --------------
Deberian dar un dia mais o meu fillo.

# 10. CONCLUSIÓNS

a. As UDIAF, ao longo de 2013 consolidaron aínda máis a súa presenza como **unidades de referencia** en Atención Temperá no seu ámbito comarcal pero tamén en Galicia, como experiencia innovadora de carácter profesional, compaxinando o seu labor asistencial coa formación continúa, coa investigación e a incorporación de novas tecnoloxías na xestión e na intervención. Este carácter de unidades de referencia ven avalado a diferentes niveis:

1. Institucional, mediante o recoñecemento do papel das UDIAF na definición do novo marco normativo da Atención Temperá, sancionado polo Decreto 183/2013 polo que se crea a Rede galega de Atención Temperá, e tamén polo incremento da partida orzamentaria da Xunta de Galicia dedicada ás UDIAF, cun aumento do 12,5% e a demanda de creación dunha nova unidade no 2014 na provincia da Coruña.

2. Ao nivel das familias, visibilizado na continuidade de resultades ano tras ano das enquisas de satisfacción e a propia estabilización e incluso incremento da demanda, que supera as cen familias en cada Unidade e o entorno do 2-3% de poboación 0-6

b. Seguimos a salientar a importancia da variable "comunidade" no "orixe da demanda". Aínda que a demanda dende os centros de saúde tende a ser a fonte prioritaria, con máis do 30% dos casos, a existencia dunha porcentaxe tan importante de demanda que procede do "boca a boca" e das propias familias, resulta revelador do tempo que precisan os recursos institucionais para "normalizar" o fluxo da demanda e a identificación do tipo de problemas que merecen ser enviados as UDIAF. Por esta razón aínda queda treito por percorrer na precocidade da detección, e na distribución da demanda. Ao tempo, os datos son significativos en canto a necesidade de evitar solucións "burocráticas" no acceso aos servizos de atención temperá. Se o acceso ás UDIAF houbese requirido de inicio derivacións previas dende outros recursos (sociais ou sanitarios) a rapidez de implantación e a súa eficiencia sería moito menor. Moi probablemente habería dificultado o proceso de mutua regulación que se ven dando entre a propia comunidade, os recursos comunitarios e a UDIAF. Para as propias UDIAF habería significado perder unha experiencia importante de contextualización no seu medio que hoxe por hoxe semella ser unha das claves do seu

éxito. Incluso polo papel de referencia que están a adquirir os profesionais das UDIAF como elementos de vertebración e continuidade dos procesos de atención, tendo en conta o incremento de mobilidade do persoal educativo e sanitario nos recursos de atención primaria. Como xa anticipábamos o ano pasado e confírmase neste 2013 a descontinuidade dos recursos das redes ordinarias o que debilita a detección precoz e tamén as respostas preventivo-asistenciais de primeiro nivel. A fraxilidade dos dispositivos de base facilita unha derivación as veces desordenada de problemas evolutivos menores e outras veces tardía de problemas evolutivos maiores. A coordinación e a fluidez dos intercambios entres sistemas reséntese moito desta fraxilidade. Asemade os profesionais das UDIAF coinciden en sinalar que se está a producir un "sobrediagnóstico" excesivo de trastornos do desenvolvemento dende o eido sanitario, cando moitos dos trastornos sobrediagnosticados na realidade son "problemas evolutivos ou de crianza" que acadarían unha solución máis sinxela e menos complexa para as familias se non se dera o citado sobrediagnóstico.

c. A parte negativa do éxito das UDIAF en canto á incremento da demanda ten a súa correlación negativa no incremento das ratios por profesional especialmente no tocante aos coordinadores das UDIAF que algúns meses chegan a atender a 30 familias. Esa situación non é sostible polo estres que xera e polo risco que supón en canto a baixar a calidade asistencial, preparación de sesións, transcrición e rexistro de incidencias e dos procesos dos nenos, pouco tempo nas reunións de equipo para dedicarlle a cada caso, etc. Esta situación podería axustarse moito mellor en caso de contar con 3 profesionais a tempo completo por cada unidade, pero esa dotación non é posible asumila no momento actual co vixente convenio. Na reunión de avaliación celebrada por todos os profesionais das UDIAF acordouse manter as ratios entre 15 e 20 casos/profesional cun máximo de 50/55 casos atendidos/mes de media. Para poder acadar este obxectivo sen que sufran os tempos de demora e acollida dos casos estúdase a demanda e coincídese en limitar o acceso dos casos que presentan problemáticas vinculadas ao aprendizaxe e que poden e deben ser atendidos polos servizos educativos tanto directamente como mediante as becas que proporciona o citado sistema.

d. A sobrecarga de traballo é un compoñente que está a adquirir dimensións estruturais que ameazan a propia estabilidade e cohesión dos equipos aínda que na avaliación realizada no 2013 o traballo en equipo é o tipo de actividade máis destacado polos profesionais en

canto a súa importancia non só cómo elemento imprescindible na reflexión dos casos se non en particular como estrutura que proporciona confianza, seguridade e apertura de perspectivas no exercicio cotián.

e. Durante 2013, conforme aos acordos da avaliación anual implementamos, a través da base de datos das unidades a categorización dos trastornos do desenvolvemento mediante e a Organización Diagnóstica para Atención Temperá (ODAT) con obxecto de obter datos máis precisos da tipoloxía da demanda e comprobar o seu axuste á poboación diana. Durante 2013 a categorización estendeuse á tódolos casos dende o ano 2009 polo que durante 2013 poderemos realizar un traballo específico sobre os datos recollidos tanto no que se refire ao neno como á familia e ao entorno. Igualmente no plano de estudio do fluxo de casos durante 2013 traballamos tamén cos datos da demanda textual recollida dos máis de 500 casos atendidos nas unidades, a prol dunha categorización máis precisa e próxima ás demandas sentidas polas familias. Este estudo é un obxectivo para 2014.

# INDICE DE TÁBOAS


Táboa 1.- Nacementos na comarca do Deza....8

Táboa 2.- Nacementos na comarca do Salnés....9

Táboa 3.- Memoria prestacións individuais na UDIAF Deza....14

Táboa 4.- Memoria prestacións individuais na UDIAF Salnés....15

Táboas 5, 6, 7, 8, 9, 10.- Detalle das prestacións individuais na UDIAF Deza....17

Táboas11, 12, 13, 14, 15.- Detalle das prestacións individuais na UDIAF Salnés....22

Táboa 16.- Indicador familias atendidas....29

Táboa 17.- Indicador porcentaxe de poboación 0-6 atendida....29

Táboa 18- Indicador nenos atendidos segundo sexo....29

Táboa 19.- Indicador demanda por concello Deza....30

Táboa 20.- Indicador demanda por concello Salnés....30

Táboa 21.- Indicador orixe da demanda....30

Táboa 22.- Indicador demanda por tipoloxía do problema....31

Táboa 23.- Indicador educación do pai ....31

Táboa 24.- Indicador educación da nai....32

Táboa 25.- Indicador emprego do pai....32

Táboa 26.- Indicador emprego da nai....33

Táboa 27.- Indicador consulta de acollida.... ..34

Táboa 28.- Indicador medias sesións diagnóstico.... ....... .36

Táboa 29.- Indicador medias sesións apoio anual.... .37

Táboa 30 Indicador: Nº de sesión de apoio/total casos....37

Táboa 31 Estatísticos de frecuencia -Sesión de apoio....37

Táboa 32.- Continxencia tramos de sesións de apoio * ano consulta....36

Táboa 33.- Indicador sesións de orientación.... .37

Táboa 34.- Indicador medias de sesións de coordinación .... 38

Táboa 35.- Indicador altas.... 39

Táboa 36.- Correlacións.... 41

Táboa 37.- Prestacións comunitarias e de calidade Deza.... .42

Táboa 38.- Prestacións comunitarias e de calidade Salnés.... ........42

Táboa 39.- Lista de espera....44

Táboa 40.- Satisfacción das familias Deza....48

Táboa 41.- Satisfacción das familias Salnés....51

# INDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1.- Histograma da idade de acceso........................................................................... 29

Gráfico 2.- Perfís sesións diagnóstico.......................................................................................36

Gráfico 3.- Enquisa de satisfacción ás familias. Deza............................................................48

Gráfico 4.- Enquisa de satisfacción ás familias. Salnés..........................................................51

Asociación Galega de
Atención Temperá (AGAT)

XUNTA
DE GALICIA